

## BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICA/O EN INTERVENCIÓN FAMILIAR

### Primeiro.- Obxecto da convocatoria

A contratación laboral temporal cun contrato de interinidade dun/ha técnico/a namentres dure a baixa por maternidade da actual técnica para o desenvolvemento do programa de educación familiar no concello de Vilasantar, que consistirá na intervención coas familias (preferentemente mediante visitas domiciliarias) nas cales se detectan carencias competenciales nas súas funcións parentais como consecuencia da perda de referentes estables e das funcións que tiñan asignadas, sendo o fin último desta intervención a integración social e a mellora da calidade de vida das familias.

Os obxectivos do programa son os seguintes:

- Potenciar a autonomía das familias.
- Favorecer a integración de todos os membros da unidade familiar no seu contorno social.
- Posibilitar a intervención profesional individualizada coas familias con menores ao seu cargo, persoas con dependencia, discapacitados ou calquera outra situación familiar que poida desembocar nunha situación de risco ou dificultade social.
- Prestar apoio e colaboración na capacitación dos adultos que desempeñen roles parentais para desenvolverse axeitadamente no autocoidado, coidado e educación dos fillos e das fillas e a atención, organización e mantemento do fogar.

As tarefas que o persoal especializado terá que realizar son as seguintes:

- Tarefas administrativas referidas á tramitación de subvencións e a confección de memorias relacionadas co programa.
- Tarefas de colaboración nos programas que se desenvolvan nos servizos sociais de atención primaria do concello.
- Coordinar as actuacións con tódolos profesionais e institucións que interveñen nalgún aspecto da vida familiar, tanto os servizos sociais

comunitarios e os especializados coma os sanitarios, educativos e todos aqueles que en calquera momento poidan estar relacionados dalgún xeito cos obxectivos deste programa

- Traballar en equipo formando parte dos servizos sociais do concello.

Esta contratación realizarase ó amparo da normativa contida no Artigo 15 do Real decreto legislativo 1/1995 de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, durante unha xornada laboral completa, que será prestada de luns a venres, pero axustando o dito horario ás necesidades do servizo.

Retribucións mensuais brutas: O salario bruto mensual será de 1.424,93€ que inclúe a parte proporcional das pagas extras.

Segunda.- Condicións dos aspirantes.

- Ser de nacionalidade española ou cidadán comunitario.
- Ter cumpridos os 18 anos de idade.
- Estar en posesión do permiso de conducir da clase B-1 e dispoñer de vehículo propio.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo polo que se opta.
- Declaración de non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública mediante expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública.
- Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente, referida ó día da formalización do contrato.
- Estar en posesión do título de educador/a social, psicólogo/a, pedagogo/a, psicopedagogo/a, traballador/a social ou diplomados en EXB estes cunha experiencia anterior ó 2005.

### Terceira.- Presentación das solicitudes

As solicitudes para formar parte neste procedemento de selección, dirixiranse á Sra. alcaldesa do concello de Vilasantar, facendo constar que se reúnen os requisitos establecidos na base segunda.

Deberán presentarse no Rexistro Xeral do concello ou polas canles habituais establecidos na lexislación vixente. As solicitudes que non se presenten no Rexistro deberán enviar unha copia por Fax no prazo da presentación. Este prazo será de vinte días naturais, a contar dende a data da publicación do anuncio no taboleiro de edictos e na páxina Web do concello así como no xornal O Ideal .

A cada solicitude axuntarase a documentación xustificativa dos méritos a valorar, referidos á data límite do peche do prazo de presentación de instancias, así como unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade, e os currículos individuais dos candidatos/as, (exactamente como se establece no anexo II).

### Cuarta.- Comisión seleccionadora

Estará integrada polos seguintes membros:

- **Presidenta:**

M<sup>a</sup> Montserrat Varela Vázquez, traballadora social do concello.

Suplente: Esther Vidal Pandelo, a traballadora social do concello de Boimorto.

- **Vocais:**

Ana Belén Vázquez Garea, técnica de intervención familiar.

Suplente: Teresa Gómez Cea a técnica de intervención familiar do concello de Boimorto.

Paulo Carballada Rodríguez, técnico de política lingüística.

Suplente: Mercedes Costoya Cortés, auxiliar administrativo dos servizos sociais.

**Secretaria:**

Trinidad Veiras Freire, Técnica de información xuvenil e cultura.

Suplente:

Isabel Novo López, funcionaria do concello de Vilasantar.

Esta Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros; sendo preciso en todo caso a asistencia da Presidenta e da Secretaria.

#### Quinta.- Proceso de selección

A selección farase por concurso de méritos segundo o currículo presentado: a Comisión Seleccionadora cualificará os méritos a que se refire o Anexo I destas bases, aplicándose a valoración establecida no correspondente baremo; e en base á documentación achegada polos aspirantes, non sendo obxecto desta valoración aqueles méritos que non estean debidamente acreditados.

No caso de empate daráselle preferencia á titulación de educación social ou noutro caso ó de maior antigüidade nun programa similar.

Só no caso de teren os candidatos/as a mesma titulación e puntuación resolverase cunha entrevista persoal que constará dunhas preguntas acerca do desenvolvemento do programa de educación familiar, e que contará 2 puntos.

#### Sexta.- Valoración dos méritos da fase de concurso

O primeiro día hábil, logo do remate do prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios do concello a relación de admitidos/as así como o día da valoración dos méritos da fase de concurso e de seren o caso a data da entrevista.

Unha vez rematada a entrevista persoal publicarase no taboleiro de edictos do concello a puntuación total de cada aspirante indicando:

- Puntuación obtida pola valoración dos méritos na fase de concurso
- Puntuación obtida na entrevista persoal, de seren o caso.

Sétima.- Formalización do contrato

A Comisión Seleccionadora propoñerá á Sra. alcaldesa a contratación daquel aspirante que obteña a maior puntuación, despois de sumar a puntuación da fase de concurso e os puntos obtidos na entrevista persoal (se é o caso). Non poderán ser propostos máis aspirantes que o correspondente ao posto de traballo que se pretende contratar.

O aspirante proposto disporá dun prazo de tres días para achegar os documentos acreditativos que procedan, dos previstos na base segunda.

Seguidamente levarase a cabo a formalización do contrato que entrará en vigor o día en que inicie o período de permiso por maternidade a actual titular desta praza, Ana Belén Vázquez Garea.

Oitava.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento da selección, en todo o previsto nestas bases.

Vilasantar, 31 de xaneiro de 2011.

*Marta García*



A alcaldesa

## ANEXO I

Baremo para a valoración, acreditación e selección das/os candidatas/os a técnica/o en intervención familiar

Será condición imprescindible para ser candidata/o idónea/o acadar un mínimo de 5 puntos de acordo co seguinte baremo:

- Titulación académica: (máximo de 3 puntos)
  - Educación Social: 3 puntos
  - Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía ou Traballo social: 2 puntos
  - Diplomados en EXB (con experiencia anterior a 2005): 1 punto
- Experiencia profesional como técnico no programa de educación familiar: (máximo 4 puntos)
  - Por cada seis meses ou fracción: 0,5 puntos
  - (Debe acreditarse mediante certificación da vida laboral con copia do contrato ou certificado do concello/s no cal se especifique este extremo).
- Outros méritos: (máximo 4 puntos)
  - Formación complementaria: 0,5 puntos por curso (valoraranse cursos relacionados co traballo con familias e outros cursos relacionados cos servizos sociais superiores a 30 horas).
- Título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA: (2 puntos).

En caso de empate daráselle preferencia á titulación de educación social ou noutro caso ó de maior antigüidade no programa. De teren os candidatos/as a mesma titulación e puntuación resolverase cunha entrevista persoal con preguntas sobre o programa de educación familiar.